



IMPORTANTE

- A solicitude terá que estar **asinada** por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais.
- No caso de **separación ou divorcio** será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.
- No suposto de alumnado afectado por situación de **violencia de xénero** non será esixible o previsto no parágrafo anterior.
- O alumnado xa matriculado ten garantía de permanencia no centro. No caso de presentar unha solicitude de admisión noutro centro distinto deberá **comunicalo**, ao mesmo tempo, no centro de orixe.
- Cada alumno ou alumna só pode presentar unha **única** solicitude no centro que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- As familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>) utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- A notificación electrónica a través do sistema de notificación electrónica de Galicia "Notific@" (<https://notifica.xunta.gal>) realizarase con respecto aos trámites e actos propios da competencia das xefaturas territoriais, sempre que a persoa elixira esta modalidade como medio de notificación preferente.
- A persoa interesada terá **dereito a que o centro lle expida copia ou xustificante**, con data e selo, acreditativa da presentación da solicitude.

No caso de precisar a copia ou xustificante con selo e data da entrada da solicitude de admisión no centro, deberán solicitalo na Secretaría do mesmo.

En caso contrario, farase a entrada con data e selo do centro e rexistrasase a solicitude de admisión atendendo a normativa actual, sen recibir copia da mesma.